

Resolución pola que se acorda a desistencia do procedemento de selección CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS 16/2025 PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN NO MARCO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE I+D+i, QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN ORDINARIA da praza: 2024-PN145 *"Intelixencia artificial en medios dixitais en España: efectos e roles - NEXTDIGIMEDIA"*

FEITOS

PRIMEIRO: Por resolución da xerencia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) do 22 de setembro de 2025 se convoca o Concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, través do procedemento de contratación ordinaria.

SEGUNDO: Na relación de prazas ofertadas na Convocatoria pública 16/2025 figura a seguinte praza con referencia: 2024-PN145:



Convocatoria pública 16/2025

Nº solicitude: 2025/C16M06

REFERENCIA DA PRAZA:

2024-PN145

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Intelixencia artificial en medios dixitais en España: efectos e roles - NEXTDIGIMEDIA - PROXECTOS DE XERACIÓN DO COÑECEMENTO 2024 <i>Proxecto PID2024-156034OB-C22 financiado polo MICIU/AEI/10.13039/501100011033 e polo FEDER, UE</i> A formalización do contrato queda supeditada á aprobación definitiva do proxecto
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Comunicación
Investigador principal	GARCIA OROSA, BERTA
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: GARCIA OROSA, BERTA Secretario/a: VAZQUEZ HERRERO, JORGE Vogal: LOPEZ GARCÍA, XOSE
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de persoal investigador predoutoral modalidade Lei 14/2011 da ciencia, a tecnoloxía e a innovación
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Realización dunha tese de doutoramento vinculada á liña de investigación do proxecto de Intelixencia artificial en medios dixitais en España: efectos e roles orientada ao desenvolvemento de novas metodoloxías, análises de datos experimentais e contribución ao avance do coñecemento na área de xornalismo

Funcións a realizar	Recompilación e análise bibliográfico no ámbito do proxecto. Deseño e execución de experimentos/estudos vinculados aos obxectivos científicos expostos. Tratamento, interpretación e discusión de resultados de investigación. Redacción de artigos científicos e participación en congresos especializados	
Retribución bruta mensual	1.304,97 € <i>Aplicarase o rateo das pagas extraordinarias en 12 mensualidades</i>	
Duración do contrato*	46 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución da praza ofertada	
Xornada laboral	Tempo completo (35 horas semanais) 09:00-14:00 e 16:30-18:30 h	
Categoría laboral	Persoal investigador predoutoral en formación	
REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao de polo menos 300 créditos ECTS (European Credit Transfer System) ou inferior a 300 ECTS con mestrado universitario, ou equivalente. As persoas solicitantes deberán estar admitidas no Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea. <u>A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá:</u> - estar matriculada no Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea no curso académico 2025/2026 na USC - presentar unha declaración de ter ou non ter gozado doutras axudas/contratos, dirixidas á súa formación predoutoral		
MÉRITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Nota media do expediente académico de grao, e mestrado preferentemente en Filosofía ou similar (o expediente do mestrado só se valorará no caso de graos inferiores a 300 ECTS)	40
Ítem nº 2	Curriculum vitae (<i>preferentemente modelo FECYT</i>).	35
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás persoas candidatas que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

** A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

TERCEIRO: O prazo de presentación de solicitudes comezou o 23 de setembro e rematou o 29 de setembro de 2025.

CUARTO: Á referida praza ofertada, concorreu unha solicitude.

QUINTO: O día 2 de outubro de 2025 publicouse a lista provisional de admitidos e excluídos da devandita convocatoria.

SEXTO: Con data 9 de decembro de 2024, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a través da Axencia Estatal de Investigación, publica a *orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2024 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoctoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027*, na que se establecen axudas para a formación do persoal investigador coa finalidade da realización dunha tese de doutoramento asociada a un proxecto de investigación financiado nesta convocatoria.

O artigo 12 da mencionada convocatoria de proxectos, establece que o proceso de avaliación e

selección da persoal que se contrate a través das axudas para a formación do persoal investigador, corresponderá á entidade beneficiaria.

Con este fin, a Universidade de Santiago de Compostela, convocará en outubro de 2025 un *proceso de selección e avaliación do persoal investigador predoutoral en formación asociadas a proxectos de xeración do coñecemento no marco do Programa Estatal para impulsar a investigación científico-técnica e a súa transferencia, do Plan Estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2024*.

SÉTIMO: Con data 27 de xullo de 2025, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a través da Axencia Estatal de Investigación, publica a proposta de resolución provisional do procedemento de concesión de axudas 2024 para proxectos de xeración do coñecemento e a actuacións para a formación de persoal investigador asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Programa Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027, na que aparece a concesión dunha axuda para a formación do persoal investigador para o proxecto *“Intelixencia artificial en medios dixitais en España: efectos e roles – NEXTDIGIMEDIA”* (nº ref PID2024-156034OB-C22).

OITAVO: Dado que non está resolta a adxudicación da praza e que non é posible convocar esta praza a través dunha convocatoria ordinaria da USC, a Universidade estima necesario desistir da convocatoria da praza de persoal investigador predoutoral en formación da actividade 2024-PN145 *“Intelixencia artificial en medios dixitais en España: efectos e roles – NEXTDIGIMEDIA”*, xa que de continuar o procedemento causaría un grave prexuízo á USC ao seleccionar e, consecuentemente, contratar a unha persoa a través dun procedemento distinto ao establecido pola USC e non válido á hora da xustificación da axuda concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A Lei 39/2015 do 1 de outubro, establece no seu artigo 35.1 que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito os actos que acorden a desistencia pola Administración nos procedementos iniciados de oficio.

SEGUNDO: O desistimiento de oficio por parte da Administración require a xustificación do motivo, de modo que se aclare calquera posible arbitrariedade e se garante que a actuación administrativa estea enfocada ao interese xeral, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo (sentenzas do 16 abril 1999, RX 1999/4362 do 23 de xuño de 2003, RJ 4413, ou sentenza de 21 de setembro do ano 2006 RX 2006/6437).

TECEIRO: O artigo 84 da devandita lei determina que porán fin ao procedemento a resolución, a

desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

Á vista de todo o anterior, o reitor

RESOLVE:

PRIMEIRO. - Desistir do procedemento de contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i para a praza de Persoal investigador predoutoral en formación da proposta 2024-PN145 da actividade “*Desenvolvemento do inventario forestal continuo de Galicia*”, convocado por resolución da xerencia do 22 de setembro de 2025 polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución.

SEGUNDO: Declarar terminado o procedemento administrativo procedendo ao seu arquivo, sen prexuízo da potestade de iniciar un novo procedemento coa mesma finalidade.

TERCEIRO: Notificar esta resolución á persoa admitida neste proceso selectivo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas

Santiago de Compostela,

(Resolución do 24/07/2024, DOG 31/07/2024)
O xerente,
Javier Ferreira Fernández
(Documento asinado dixitalmente)

TABOLEIRO ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ,
XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/10/2025 13:52:34.

CSV: F5A2-C084-46E9-B2C7